



BOP

MÉRCORES, 21 DE AGOSTO DE 2024

N.º 193

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓN INFORMÁTICAS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 09 de agosto de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a superior desenvolvemento aplicacións informáticas da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel López Adrio, para ocupar a praza número 847, denominada Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas Entrada número 1331, vinculado á citada praza.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S.A. SECRETARIA-INTERVENTORA; Montserrat Conde López.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 21-08-2024
ata a día 20-09-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

R. 2486

Anuncio publicado en: Núm BOP 193 año 2024 (21/08/2024 08:00:00)